

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Edificio	Igrexa de Santa María Salomé
Dirección	Rúa Nova, 31. 15705
	42.8784924 -8.5436538
Protección	
Descrición	Este pequeno templo situado en plena rúa nova, é un dos máis populares de Santiago. Foi fundado por un cóengo da catedral chamado Pelagio, en tempos do Arcebispo Xelmírez, o prelado que segundo a tradición atopou refuxio nos seus muros cando fuxía do pobo amotinado. Está dedicada a nai do apóstolo Santiago e de San Xoán Evanxelista. Conserva parte da portada do século XII, protexida por un soportal oxival, que se engadiu no século XV. Destacan nela os canzorros románicos sobre os que apoia o artesonado do pórtico e os dous capiteis das columnas de ambos lados. Posteriormente a portada primitiva engadíronselle diversas esculturas que hoxe compoñen o seu maior atractivo. A Virxe co Neno que se ve na clave, como colgada da arquivolta con anxos orantes, é gótica. Forma parte da escena da Anunciación ,que se completa co Arcanxo Gabriel e a virxe, en estado de xestación, a ambos lados da figura. A Torre Barroca exemplo da popularidade acadada polo modelo de campanario de igrexa de San Fiz de Solovio, foi trazada por Simón Rodríguez e construída por José Crespo en 1743. No interior merecen atención as capelas dedicadas a Cristo e a San Xosé que ten cuberta gótica, o retablo de Miguel Romay e a talla do calvario realizada polo escultor Bartolomé Fernández.
Campás	2 campás.
Fotos	8
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	10-03-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Campá gótica de Santa Maria Salomé		1420ca	57	107

Torre-campanario	Maior.	PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)	1862	62	138
------------------	------------------------	--	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de Santa María Salomé - SANTIAGO DE COMPOSTELA \(GALICIA\)](#)

PDF (15-09-2026)